





RECANTO DAS CIENCIAS

CICLO DE VIDA DAS PLANTAS

As plantas tamén teñen un ciclo de vida ao igual que o resto dos seres vivos.



Imos a fixarnos agora na primeira parte do ciclo de vida das plantas ata que chega a ser unha planta adulta. Observa as imaxes desordenadas:



Debuxa no teu caderno cada unha das fases en orde e escríbelle debaixo o nome segundo corresponda:

Semente

Xerminación

Plántula

Planta

E por último observa todo o proceso neste vídeo:

<https://www.youtube.com/watch?v=w77zPATvTul>





RECANTO DO XOGO

SOMOS CIENTÍFICOS: COMO NACE UNHA PLANTA?

Imos realizar agora a nosa plantación e observaremos como vai desenvolvéndose a semente ata chegar a ser unha planta. Recolleremos tamén en imaxes como vai medrando día a día.

MATERIAIS QUE PRECISAMOS:

- Un frasco de cristal ben limpo
- Algodón ou terra
- Sementes de fabas ou xudías (tamén podeades probar con lentellas)
- Auga
- Cinta adhesiva, papel e rotulador

PROCESO:

- Podeades deixar as semente en remollo unhas horas para acelerar o proceso.
- Colocar o algodón no frasco sen esmagalo. Tamén o podeades facer con terra).
- Colocade as sementes (tres ou catro) en diferentes partes do frasco, pegadas ao cristal, separadas e cerca da superficie (que non vaian ao fondo do frasco).
- Engadide auga con moito coidado para humedecer o algodón ou a terra. Evitade o exceso de auga.
- Coa axuda da cinta adhesiva pega no frasco un pedazo de papel no que escribirás a data na que colocaches as sementes.
- Coloca o frasco de cristal preto dunha ventá para que reciba suficiente luz.

Cada día tes que humedecer a terra ou o algodón (sen pasarte), xa que unha parte moi importante da xerminación é a absorción de auga e recorda que para medrar as plantas precisan a luz solar, por iso se coloca o frasco preto dunha ventá.

Rexistra no teu cademo o que vai sucedendo cada día:

Día 1:

Día 2:

E recolle tamén o proceso en imaxes se queres.





RECANTO DAS ARTES

Neste recanto tedes que realizar animalíños da horta con materiais de reciclaxe que teñades pola casa: tapóns, tubos de papel, botóns, cartón, ...
Aquí tedes os seguintes como exemplo:





RECANTO DAS PALABRAS

ANIMAIS DA HORTA

COELLOS	XABARÍN	CORZOS	CARACOIS	LESMAS	MIÑOCAS
ABELLAS	FORMIGAS	ARAÑAS	MOSCAS	TOUPAS	RATOS
VERMES	ESCARAVELLOS	XOANIÑAS	GORRIÓNS	CORVOS	MERLO
	AVESPAS	ABESOUROS OU ABELLÓNS	BOLBORETAS	SERPES	

Nesta listaxe están os animais que viven ou visitan unha horta que vós nos mandastes, agora tedes que elixir un, logo teredes que investigar sobre el e escribir no voso caderno os datos que aparecen na seguinte ficha. Ademais realizade un debuxo do animal elixido.

	<u>NOME COMÚN</u>	<u>NOME CIENTÍFICO</u>
	TIPO : <input type="checkbox"/> VERTEBRADO <input type="checkbox"/> INVERTEBRADO	
	GRUPO : RÉPTIL ANFIBIO PEIXE AVE MAMÍFERO INSECTO	
	Nº PATAS _____ ÁS _____ ALETAS _____	
COMO SE DESPRAZA :	<input type="checkbox"/> CORRE <input type="checkbox"/> VOA <input type="checkbox"/> NADA	
ALIMENTACIÓN :	<input type="checkbox"/> HERBÍVORO <input type="checkbox"/> COME OUTROS ANIMAIS <input type="checkbox"/> DE TODO	
COMO NACE :	<input type="checkbox"/> DE OVOS <input type="checkbox"/> DO VENTRE DA NAI	
DESCRICIÓN DO SEU HABITAT:		
DATOS INTERESANTES:		





RECANTO DOS NÚMEROS

Neste recanto teredes que botarnos unha man para calcular cantas sementes nos fan falta mercar para cultivar o noso horto.

The diagram shows three garden beds within a rectangular frame. On the left is a purple rectangular bed labeled with a circled '3', containing two vertical lines. To its right are two beds: a yellow one labeled with a circled '2' containing three horizontal lines, and a green one labeled with a circled '1' containing three horizontal lines.

Neste debuxo están representados os bancais do horto.

En cada bancal podemos plantar tres filas de sementes.

No bancal nº 1 sementaremos cebolas. Se en cada fila collen 15 bulbos de cebola, terás que averiguar cantos bulbos teremos que mercar.

No bancal nº 2 sementaremos 8 leitugas en cada fila. Cantas precisamos mercar?

E por último, no 3º bancal sementaremos cabaza, pero aquí dispoñemos de dúas filas. Se en cada fila sementamos cinco cabazas, cantas teremos que mercar?

UN TRABALLIÑO MÁIS PARA OS DE 2º

Pola compra das sementes e dalgún aparello que nos fai falta para o noso horto temos que pagar 8 € e 80 céntimos. Se pagamos cun billete de 10 €, cantos cartos nos devolven?

ESCRIBE TODAS AS RESPOTAS DESTE RECANTO NO TEU CADERNO

